

Xestionado por [Vieiros](#)

Premios da Deputación da Coruña

Teresa Moure gaña o Rafael Dieste e presenta un novo libro

A autora, que exerceu de mantedora literaria nos Premios Xerais, obtén o premio por *Unha primavera para Aldara*, e publica *Benquerida catástrofe*, na mesma editorial.

Redacción - 19:17 11/06/2007

A escritora monfortina Teresa Moure é a gañadora do XIII premio de teatro Rafael Dieste, que concede a [Deputación da Coruña](#). A súa obra *Unha primavera para Aldara*, ambientada na época das loitas irmandiñas, acadou a unanimidade do xurado, que definiu a autora como “unha excelente narradora e autora teatral”. O premio está dotado con 6.500 euros, a publicación da obra e a súa representación por toda a provincia.

Teresa Moure está a ter unha semana moi atarefada. Despois de ter pronunciado o discurso de mantedora literaria dos Premios [Xerais](#) o sábado pasado, presentará, o mércores 13, o seu novo libro *Benquerida catástrofe*. Nel, cóntase o proceso de reconstrución da identidade sexual de dous personaxes. O acto será na [Librería Pedreira](#), en Compostela.

Por outra banda, o premio de composición musical Andrés Gaos, que tamén outorga a deputación coruñesa, recaeu este ano, na súa sétima edición, a Antoni-Ernest Sebastià Torrent, coa obra *Angelus Novus*.

Novas relacionadas

- [Conferencia da escritora Teresa Moure: "Herba moura"](#)
- [Teresa Moure e o tradutor Pere Comellas no programa "De llibres" de TV3](#)
- [Teresa Moure: "O mundo non se sostén como está, hai que poñelo patas arriba"](#)
- [O "annus mirabilis" de Teresa Moure](#)
- [Teresa Moure leva o Xerais cunha novela sobre a visión feminina do ser humano](#)
- [Teresa Moure gaña o Ramón Piñeiro cun ensaio sobre linguas artificiais](#)